



## **FUNDACIÓN JACINTO CALVO - MESA REDONDA**

### **Un novo horizonte para gañar competitividade: A economía sostible**

Agradecer, en primeiro lugar, a oportunidade que me brinda a Fundación de poder participar nesta xornada, e trasladarlles as aspiracións que sostemos os empresarios de cara a modelar ese horizonte económico ao que se apunta dende esta mesa redonda.

2009 foi un ano moi complicado. A carestía de crédito, a retracción dos niveis de inversión e consumo, a dramática caída do emprego así como outra serie de rigores desestabilizaron profundamente o quefacer económico.

Unha combinación que de prolongarse en idénticos termos pode arrasar cun tecido produtivo, o galego, que prosperou de xeito impar na última década, proporcionando altas cotas de prosperidade.

A prolongada crise que atravesa a economía minguou a capacidade de resistencia das empresas, exhaustas nestes momentos tras meses de dificultades.

Ante estas duras circunstancias, os empresarios expresamos as nosas propostas para reactivar a economía e empezar a traballar nun novo escenario económico. Sen que, polo momento, se nos tiveran en conta nas políticas que procuran á súa resolución.

A este respecto gustaríame facer fincapé en que os empresarios somos o motor de crecemento e emprego, e que as empresas cumpren unha función social de vital importancia.

Permítome traer a colación este feito, dado que dende determinados sectores se nos acusa de beneficiarnos da crise, deixando de lado o contundente dato de que cada mes se destrúen 15.000 empresas e deixan de crearse unhas 7.000.

De feito, dende que se iniciaron as primeiras convulsións máis de 140.000 empresas desapareceron do escenario da economía española. Queda claro, polo tanto, que tanto traballadores como empresas sofren o zarpazo da crise.

Fronte á rixidez da actual estrutura económica, sobre a que existe o consenso de que non permitirá propiciar unha reactivación inmediata, as nosas propostas van dirixidas a flexibilizar e liberalizar a economía.

Se ante os primeiros embates da crise financeira aumentaron as críticas cara á economía de mercado, este sistema baseado na iniciativa empresarial, nun alto grao de apertura e, nas nosas circunstancias concretas, baixo o paraugas dun sólido proxecto europeo, mostrouse plenamente efectivo. Proba diso son os niveis de progreso que nos permitiu alcanzar.

Dende logo que hai factores nos que convén incidir, pero non no marco que nos outorgamos e que a pesar dos seus tropezos demostrou a súa eficacia.

En primeiro lugar debemos remontar a baixa produtividade que adoece Galicia e que mingua a súa capacidade competitiva fronte a outros mercado, sobre todo os emerxentes, que acaparan unha crecente proxección mundial.

Nesta aspiración, un dos aspectos nos que convén incidir é a internacionalización da economía. Dende a CEG intentamos transmitir ás empresas galegas, sobre todo ás pemes, a armazón máis densa do tecido produtivo, a ambición de lanzarse ao exterior.

Non obstante, as actuais circunstancias converten esta recomendación en todo un imperativo de actuación. Hai que proxectar a economía galega no mercado global, o único escenario válido.

Outro de contrafortes que sosteñen a competitividade é a incorporación da I+D. Todas e cada unha das áreas das empresas: xestión, produción, loxística, etc., deben empaparse dunha cultura innovadora.

Galicia conta con exemplos senlleiros de empresas que prosperaron baseándose en o seu bo facer en ambos os dous campos. Empresas que innovaron determinados procesos da súa actividade ata convertelos nun elemento diferencial e competitivo, o que lles permitiu situarse á cabeza dos seus respectivos sectores.

Empresas, así mesmo, que manteñen as súas sedes en Galicia pero que actúan con vocación global. De modo que hoxe en día é doado ao viaxar por outros países recoñecer vehículos, pezas de vestir ou alimentos, por citar algúns exemplos, de orixe galega.

Ambas as dúas claves, internacionalización e innovación e coñecemento, determínanse sen ningún xénero de dúbida como parte da armazón sobre a que se debe fraguar esa estrutura produtiva á que aspiramos.

Non obstante somos conscientes de que o exíguo tamaño das empresas galegas supón unha importante traba. A solución a este problema pasa por emprender un proceso de redimensión, a través de alianzas estratéxicas, que permitan gañar o volume necesario para facer fronte con maiores garantías estes retos.

O mercado laboral é outra das áreas onde consideramos débese actuar. A normativa en vigor actúa a xeito de áncora, freando non solo a proxección das empresas senón que, en canto xorden apertos, pode provocar o afundimento de moitas empresas.

É imprescindible dotar de certa flexibilidade as relacións laborais, característica que non suporá unha caída na creación de emprego nin provocará a deterioración das condicións dos traballadores; senón que, pola contra, suporá un estímulo para revitalizar este mercado e un incentivo para afrontar a contratación, estancada nestes momentos polas esixencias ás que ten que facer fronte as empresas

É o meu desexo que a inminente apertura dunha nova fase no proceso de diálogo social no Estado, permita avanzar neste ámbito baixo o consenso e entendemento da Administración e os axentes económicos e sociais.

A presión fiscal é outro dos elementos que dificulta a capacidade de reacción da economía. A alza impositiva que entrará en vigor en 2010 retraerá a capacidade de gasto de consumidores e empresas, subtraendo recursos imprescindibles para dinamizar un mercado estancado.

Neste sentido, os empresarios contemplamos con certa envexa opcións como as emprendidas por outros socios da UE que rebaixaron as súas taxas, incentivando o emprego e a inversión.

Precisamente algúns deses países que optaron por minorar os impostos, á vez que aplicar unha maior austeridade no gasto publico, reverteron a tendencia negativa no seu crecemento, ofrecendo cifras positivas no terceiro trimestre do ano.

Para avanzar nesa dirección é necesario moldear un marco idóneo para a actividade empresarial. Un concepto que se traduce en aspectos como que a presión fiscal non supoña unha desvantaxe fronte a territorios próximos; incentivando a creación de chan industrial cun prezo e localización axeitada; formando aos recursos laborais de xeito activo e continuo, ou compasando o desenvolvemento das infraestruturas ás necesidades presentes, non co atraso que se rexistra nestes momentos.

Estes son tan só algúns apuntamentos, esbozados de xeito sintético, dos principios que consideramos deben imperar no horizonte económico a medio prazo.

Aspectos que permitirán retornar aos niveis de crecemento e creación de emprego da última década, un período no que traballadores e empresas demostraron a altura á que pode brillar a economía galega.

É o desexo dos empresarios galegos que as dificultades presentes cheguen a súa fin no prazo máis breve posible e poidamos internarnos nun nova etapa de crecemento máis vigorosa e sostible que a que deixamos atrás.

Agradecer, por último, a grata oportunidade que me brindou a Fundación Jacinto Calvo para poder compartir con vostedes esta exposición.

Grazas pola súa atención.

**Intervención: Antonio Fontenla Ramil, presidente CEG**